



# SOLIFESTI

Fai xa uns anos, alá polo 2017, algúns dos mestres do CPI Mosteiro Meis tiveron a ben mudar o tradicional festival de fin de curso nun festival solidario. Deste xeito nace o Solifesti. Un festival que conta coa actuación do alumnado e de grupos invitados. Véndense bebidas, choripáns, camisetas, rifas....co fin de conseguir cartos cos que poder axudar a quen o precise.

Aínda que a finalidade é a de recadar fondos para alguma causa solidaria, o Solifesti é moito mais ca iso. Trátase dun festival que pretende concienciar ás novas xeracións do importante que é o axudar aos demais, do necesario que é cambiar certas tendencias sociais que nos levan a conductas egoísticas e individualistas, do bonito e necesario que é compartir e empatizar.

Encantarianos que non houbera motivos para que existira a solidariedade pero tristemente sempre hai a quen axudar. O primeiro e segundo ano os cartos estiveron destinados aos refuxiados sirios. Porén, a partir da terceira edición, desde a organización decidiuse que para que tivera máis repercusión nos nenos e nenas sería interesante que o destino final fora na nosa contorna, e así, deste xeito os nenos poderían ollar en primeira persoa que o seu esforzo tiña consecuencias visibles e palpables. Ese ano os cartos foron destinados a axudar a familia dun neno da escola ao que lle ardera a súa casa.

Os seguintes doux anos o festival non se levou a cabo por mor da pandemia.

Chegados ao 2022 o festival pega un xiro radical xa que ese ano o destino será axudar á familia de Leo, un neno do noso concello que precisa un transplante de pulmóns. Este pequeno guerreiro muda o noso pequeno festival nunha marea de solidariedade, e desbórdanse todas as previsións. Todo o mundo quere botar unha man, todo o mundo quere participar e chéganse a recadar mais de 20.000 euros. Ao noso CPI únense a ANPA, o Concello e a Asociación a Baralla e entre todos conseguem que o festival sexa un éxito.





Estamos no ano 2023 e aproveitando o tirón do ano pasado invítanse a outros centros educativos da contorna a formar parte deste proxecto. A idea consolídase e este ano o Solifesti contará coa presencia do CPI de Portas, o CEIP de Armenteira, o CRA de Meis e a escola infantil de Meis.

A data elixida será o 16 de xuño, farase unha xornada de convivencia entre os centros pola mañá nas instalacións de CPI Mosteiro, na que se aproveitará para facer ensaios entre os nenos dos distintos centros. Haberá animación, inchables e merenda. Pola tarde levarase a cabo o festival propiamente dito que contará, ademais das actuacións dos pequenos, co grupo Son das Tabernas, a Charanga Alambique, o grupo tradicional Os Druídas e algunha outra sorpresa.

O Solifesti deste ano estará enfocado á loita contra o cancro. Lamentablemente o pai dunha alumna padece unha leucemia e necesita un transplante, a idea é a de dar visibilidade a este problema e concienciar a xente da importancia das doazóns. Os cartos repartiranse entre a ASOTRAME (*Asociación Galega de Afectados por Transplantes Medulares e Enfermidades Oncohematológicas*) e ao banco de alimentos dos concellos de Portas e Meis.

QUE SIGNIFICAN ESTAS SIGLAS? \_\_\_\_\_

 **Asotrame** \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Lembras a canción que cantamos o ano pasado?  
  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_



# SOLIFESTI



ANO 2017

Primeira edición do SOLIFESTI.  
En vez de facer un festival de fin de curso coma sempre, organizamos un festival solidario

Adicado ao pobo sirio.  
Miles de refuxiados da guerra non tiñan medios para sobrevivir



ANO 2018

Segunda edición do SOLIFESTI.  
O ano pasado foi un éxito, máis divertido e útil ca un festival calquera de fin de curso

Os refuxiados de guerra sirios seguen nunha situación inhumana, de novo o noso festival dará a coñecer o que lle está ocorrendo e recadará fondos para axudar no posible



ANO 2019

Terceira edición do SOLIFESTI.  
Neste ano intentamos que o Solifesti beneficie a persoas do noso concello que precisen da nosa SOLIDARIEDADE

Os fondos do SOLIFESTI destináronse a axudar a familia dun neno da escola ao que lle ardera a súa casa.



ANO 2022

Cuarta edición do SOLIFESTI.  
Este ano non hai dúbida, Leo precisa do noso apoio e aí estamos todos e todas

Ríos de xente asistiron á celebración este ano.  
Leo precisaba o noso apoio e a nosa forza.

# SOLIDARIEDADE

A solidariedade defíñese como o apoio a causas ou intereses alleos, especialmente en situacións comprometidas ou difíciles. Se vos parades a pensar por un intre que significa ser solidario, probablemente vos veña a cabeza doar cartos para unha ONG, ou darlle esmola a un pobre. Pero a solidariedade non vai soamente de iso. Ceder o asento a un ancián, axudar a alguén que leva un paquete pesado, consolar a unha persoa que está triste, botar unha man coas tarefas de casa, doar sangue, acoller a un animal....todas estas son maneiras de ser solidario.

A solidariedade é un valor fundamental que ten que ver moito co térmico **empatía**. A empatía é a capacidade de ponos no lugar dos outros. Deste xeito se somos capaces de comprender como se sente alguén e que necesita, poderemos axudalo.

Cando falamos de solidariedade é importante distinguila da **caridade**.

A caridade é unha esmola que se da ou se presta, é dicir alguén que ten dálle a alguén que non ten, habitualmente algo que lle sobra. A caridade sostense na desigualdade, na compaixón de alguén que é mais a alguén que é menos. A solidariedade sen embargo consiste en **compartir** porque debería ser de todos, a solidariedade sostense nos conceptos de **xustiza e igualdade**. Dicía Eduardo Galeano:

*A caridade é humillante porque se exerce verticalmente e desde arriba, a solidariedade é horizontal e implica respeto mutuo.*



A caridade é beneficia que non afecta a sociedade e que sitúa a unhas persoas por encima doutras, de aí o concepto vertical, douche por que non tes. Porén un acto solidario busca transformar unha realidade inxusta, búscase anular as causas que xeran desigualdade, de aí que se considere horizontal pois exércese de igual a igual, entre persoas que están a mesma altura.



A data elixida será o 16 de xuño, farase unha xornada de convivencia entre os centros pola mañá nas instalacións de CPI Mosteiro, na que se aproveitará para facer ensaios entre os nenos dos distintos centros. Haberá animación, inchables e merenda.

Pola tarde levarase a cabo o festival que contará, ademais das actuacións dos pequenos, co grupo Son das Tabernas, a Charanga Alambique, o grupo tradicional Os Druídas e algunha outra sorpresa.

O Solifesti deste ano estará enfocado á loita contra o cancro. Lamentablemente o pai dunha alumna padece unha enfermidade e necesita un transplante de médula, a idea é a de dar visibilidade a este problema e concienciar a xente da importancia das doazóns. Os cartos repartiránse entre a asociación ASOTRAME e ao banco de alimentos dos concellos de Portas e Meis.

**Ser solidario é apoiar a outras persoas cando o necesitan**

Que está ocorrendo nestas imaxes?

Cal pensas ti que é a historia solidaria en cada unha?



En que ano se celebrou o primeiro SOLIFESTI?

Que día se vai celebrar o deste ano?

No patio haberá sorpresas , cales son?